



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2021440001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C4-A-IV-21



Proba A1

Vostede ten un blog de turismo cultural no que escribe sobre lugares que lle parecen interesantes para visitar. Esta vez, logo de ver a seguinte reportaxe, decide facer un **comentario** sobre a ría de Arousa. Nese texto, de **400 palabras**, ten que:

- Animar a facer unha ruta polos lugares que se expoñen no vídeo e xustificar por que é a súa recomendación esta semana.
- Mencionar os distintos pobos que visitaron esta zona, facendo fincapé nos normandos, e cal foi o motivo de chegaren ás nosas costas.
- Explicar con que fin se construíron as distintas fortalezas que bordean a ría e que transformación sufriron.
- Comparar estas fortificacións con outras semellantes que coñeza e propoñer algunha outra actividade para completar a visita.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 test.

Proba A2

Vostede quere cambiar de compañía telefónica, pero a nova operadora non o acepta porque figura inxustificadamente nun rexistro de morosos. Buscando información sobre como pode actuar, atopa o seguinte texto e decide enviarlle unha **carta de reclamación** ao citado rexistro. Nesa carta, de **400 palabras**, ten que:

- Relatar os feitos ocorridos e os problemas que lle está causando estar nesa lista.
- Mencionar todas aquelas obrigas que deberían cumprir e non levaron a cabo.
- Indicar as razóns polas que deben eliminar o seu nome da listaxe.
- Advertir o ficheiro de morosos das medidas que vai emprender se non atenden a súa reclamación.

Todo o que hai que saber sobre os ficheiros de morosidade

Os ficheiros de morosos son aquelas listas de datos con persoas e empresas que non cumpriron as súas obrigas de pagamento. A entrada nun destes ficheiros prodúcese cando a empresa á que non se lle aboou a factura solicita que inclúan o debedor nesa listaxe. Non obstante, non se pode incluír a calquera persoa, deben darse unha serie de condicións:

- Quen vai ser incluído no ficheiro debe ter unha débeda sen pagar.
- Non puideron transcorrer seis anos desde o momento en que non se pagou a débeda ou desde o seu vencemento.
- Previamente á inclusión no ficheiro, o acredor debe requirir o pagamento e non obter resposta do requirido.
- Non pode existir ningunha proba documental que anule calquera dos puntos anteriores.



Se finalmente se dan todos os requisitos e a persoa é incluída no ficheiro, o seu titular ten que, necesariamente, comunicarlle este feito ao afectado a través dunha notificación, que debe realizarse nun prazo non superior a 30 días desde a inscrición e a

través de correo certificado ou burofax. Ou sexa, que o xestor da lista debe asegurarse de que o debedor sabe que foi etiquetado como moroso.

Porén, estamos ante unha obriga legal que incumpren os rexistros con moita frecuencia, o que pode motivar por parte do inscrito a posibilidade de emprender accións legais por vulnerarse os seus dereitos fundamentais.

Unha vez inscrito, a mellor maneira de abandonar un ficheiro é cancelar a débeda. A notificación do pagamento da débeda compételle ao acredor, que está obrigado a comunicarlle ao ficheiro de morosos a súa cancelación nun prazo máximo dunha semana, o que suporá a eliminación dos datos, xa que a lei non lles permite a estes ficheiros conservar listas de antigos morosos. Con todo, resulta frecuente que o acredor non notifique o pagamento da débeda, polo que o propio afectado pode acreditar ante o ficheiro que pagou mediante a achega dos documentos probatorios.

A eliminación dos datos do ficheiro debe producirse nos 10 días seguintes á recepción da comunicación. Se pasado este período de tempo non se obtivo resposta, débese reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) –deben enviarse as copias dos documentos que xustifican os trámites xa realizados e da solicitude de baixa–, que se encargará de mediar e determinar quen ten razón. A súa resolución é vinculante e, se lle dá a razón ao afectado, a empresa deberá borrar os datos. Ademais, tanto o ficheiro como a empresa enfrontaríanse a multas que van desde os 900 ata os 60.000 euros se non cumprisen co mandado.

Á parte das inclusións por incumprimentos nos pagamentos, son moitos os casos de rexistros indebidos nestes ficheiros, xerados fundamentalmente por facturas relacionadas con, por exemplo, cambios de operadores, permanencias non cumpridas etc., nos que existen posturas encontradas entre o usuario e o provedor que están sen resolver. Estes son os máis habituais:

- Se hai dúbida sobre a veracidade da débeda, o ficheiro debe eliminar os datos. Isto ocorrería cando se opta por demandar a empresa por considerar que a factura ou a cantidade que reclaman non se axusta á realidade (moi habitual no caso das telecomunicacións e servizos do fogar).
- Cando a débeda está saldada. Como xa comentamos, unha vez que se paga o importe que se debía, o ficheiro debe eliminar os datos. Antes as empresas mantiñan a información baixo a epígrafe «saldo cero», pero hoxe en día trátase dunha práctica prohibida e a maioría de ficheiros non a executa polas multas que xa comentamos.
- Mantéñense os datos logo de pasaren seis anos. Os ficheiros teñen a obriga de borrar os datos ao cabo de seis anos, estea ou non pagada a débeda. O problema neste punto chega coa compravenda de carteiras de morosos. A nova empresa considera que se trata dunha débeda nova e, xa que logo, non solicita que se borren os datos malia pasaren os seis anos e o ficheiro de morosos tampouco adoita facelo de forma automática. Se se dá o caso, pódese pedir que se elimine a información de mora e, ademais, esixir unha indemnización.



- A débeda non é certa, esixible ou non está reclamada. Para que unha débeda sexa legal para os efectos das listas de morosidade, debe ser certa, estar vencido o período de pagamento, ser esixible e tivo que ser reclamada previamente.

No caso de que os datos do usuario se achegasen a estes ficheiros sen cumprir os requisitos indicados anteriormente, este está en pleno dereito de reclamarlle, por un lado, á empresa supostamente acreedora e, polo outro, ao propio ficheiro; no primeiro caso, polo motivo particular que xere a disputa e, no segundo, porque o ficheiro non cumpriu a obriga de contrastar que os datos achegados polo acredor cumprisen cos requisitos de inserción no ficheiro.

A reclamación pode tramitarse ante a AEPD para obter a saída inmediata do ficheiro ou ficheiros nos que se figure, pero tamén se pode iniciar unha reclamación xudicial na que se solicite aquela indemnización que se considere oportuna polos danos e perdas que a presenza indebida do ficheiro lle puidese causar á persoa afectada.

Ao acudir aos tribunais, non é necesario probar que se sufriu un prexuízo económico concreto para pedir unha indemnización, o mero feito de que o puxesen nunha desas listaxes sen razón legal é suficiente para pedir un diñeiro por tratarse dunha violación ao dereito ao honor.

Traducido e adaptado de <https://financiarred.com>

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

